DECRETO

Ilma. Srª. Dª Cristina Sanz Arias Concelleira de Dinamización Económica e Relacións Institucionáis do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído expediente relativo á CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS AS ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A DINAMIZACIÓN ECONÓNICA QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, E PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2026, e tendo en conta:

1.- Informe sobre retención de crédito 8461/2026 de data 24 de febreiro de 2026, RC por importe de 28.000,00 euros, aplicación orzamentaria 24100.48900.

2- Acordo 7/317 da XGL, de data 27 de xullo de 2026, de aprobación do Plan Estratégico de Subvencións 2026-2028.

3.- Informe nº 2022/1212 do Servizo de Intervención, de data 14 de agosto de 2026, sobre fiscalización previa limitada das Bases reguladoras da convocatoria.

4.- Acordo 1/346 da Xunta de Goberno Local, de data 24 de agosto de 2026, de aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica no exercicio 2026 no eido da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais.

5.- Publicación do extracto da convocatoria e das bases reguladoras das axudas no BOP de Lugo en data 29 de agosto de 2026. Publicación das bases de convocatoria e convocatoria na BDNS (Código 926505).

6.- Solicitudes presentadas nos quince días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), dende o 31 de agosto de 2025 ata o 18 de setembro de 2025.

7.- Providencia de Desenvolvemento Local de data 23 de setembro de 2026, solicitando ao Servizo de Tesourería, verificación de débedas/non débedas das entidades solicitantes propostas como beneficiarias.

8.- Providencia de Desenvolvemento Local de data 23 de setembro de 2026, solicitando á Oficina de Información e Atención ao Cidadán - Participación Cidadá relativo a se as entidades solicitantes se atopan inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, e se teñen presentado na Oficina de Participación Cidadá orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva, e acreditación do número de socios que as integran.

9.- Informes do Departamento da Recadación Executiva do 23 de setembro de 2026 e da Tesourería Municipal de data 24 de setembro de 2026, sobre o resultado da comprobación de débedas/non débedas das entidades solicitantes.

10.- Informe da Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá de data 28 de setembro de 2026 sobre o resultado da comprobación de se as entidades solicitantes se atopan rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, e se teñen presentado na Oficina de Participación Cidadá

Firmado por: ***194*** - CRISTINA SANZ ARIAS (FECHA: 2026-11-19 11:57:06.00)
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: 3RnzuDffDzLfdABG6dvc
Nº de decreto/resolución: 9546/2026

orzamento, memorias de actividades anual e renovación dos membros da directiva, e acreditación do número de socios que as integran.

11.- Decreto 8441/2026 de nomeamento da Comisión Avaliadora de data 20 de outubro de 2026 para a valoración das solicitudes presentadas ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro e posterior escrito de delegación de funcións de secretaría.

12.- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesourería Territorial da Seguridade Social, presentados por todas as entidades solicitantes propostas como beneficiarias.

13.- Informe do órgano instructor de data 22 de outubro de 2026, relativo ao resultado da preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento dos requisitos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.

14.- Acta da Comisión de Avaliación celebrada en sesión do día 22 de outubro de 2026 para a concesión das subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica e as listaxes anexas coa puntuación acadada que se achegan.

15.- Informe Proposta do Servizo de Desenvolvemento Local relativo a aprobación provisional das solicitudes estimadas/desestimadas de data 29 de outubro de 2026.

16- Decreto num. 8882/2026 de 30 de outubro de aprobación provisional e apertura de prazo de alegacións para a concesión das subvencións ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para a dinamización económica que desenvolvan a súa actividade no eiro da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, e para o exercicio económico 2026.

17.- Informe proposta do Servizo de desenvolvemento Local relativo á aprobación definitiva das solicitudes estimadas/desestimadas de data 16/11/2026.

18.- Informe favorable do Servizo de Intervención de fiscalización limitada previa de data 18 de novembro de 2026, o cal conclúe que:

"O expediente reúne os requisitos mínimos establecidos para a fiscalización limitada no concello polo que se emite informe favorable en relación exclusivamente cos extremos analizados, e coa seguinte observación:
***UNICA.-** As entidades deberán aportar a documentación á que se refiren as Bases Reguladoras relativas á xustificación, entre elas:*
*- Declaración responsable acreditativa das **subvencións ou axudas recibidas** para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.*
*- Relación con todos os **gastos e ingresos** da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.*
*- **Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade do proxecto subvencionado (imprescindible relación de gastos e ingresos)**, segundo os modelos que figuran nas bases como o ANEXO IV (poderase presentar no seu lugar unha memoria cun formato diferente ao proposto no ANEXO IV como modelo, na que en calquera caso de deberán incluír como mínimo os puntos establecidos en dito Anexo. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento).*

Co obxecto de poder verificar a realización do proxecto deberase acompañar á memoria todas aquelas referencias existentes referidas á súa execución, tales como publicacións en redes sociais, notas e/ou novas de prensa, exemplares de folletos, carteis, libros, e material audiovisual en calquera formato, etc. Relacionados co proxecto. Tamén se poderán aportar fotografías realizadas durante a execución do proxecto.
Acreditarase mediante a pertinente fotografía a correcta utilización do logotipo do Concello de Lugo na cartelería empregada para a difusión, publicidade e identificación do proxecto (carteis, dípticos, folletos ...)".

Visto que non se presentaron alegacións á resolución provisional, elévase esta a definitiva, sen necesidade de convocar novamente á Comisión de Avaliación.

Por todo o anteriormente exposto, e en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto número 4003/20256 de 12 de maio, do Libro Único de Resolucións,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aceptar as renuncias presentadas polas seguintes entidades:

Interesado Principal	CIF	Nº Expediente
Asociación Cultural Cantigas e Frores	G27014018	2026/A002/000020
Asociación Mulleres Líderes de Galicia	G26577437	2026/A002/000027
Asociación de Vecinos de Orbazai	G27164169	2026/A002/000032
Asociación Embreogados	G19983592	2026/A002/000035

SEGUNDO.- Admitir as restantes solicitudes presentadas polas entidades seguintes:

Interesado Principal	CIF	Nº Expediente
Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (ASOPORCEL)	G27243500	2026/A002/000018
Asociación de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo	G27030915	2026/A002/000019
Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo (ADISLUGO)	G02967834	2026/A002/000021
Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo (FADAS)	G27436419	2026/A002/000022
Asociación Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL)	G27305218	2026/A002/000025
Asociación de Empresarios dos Polígonos Industriais do CEAO e das Gándaras	G27030873	2026/A002/000026
Asociación de Empresarios da Itíneris	G27495068	2026/A002/000029
Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia (OVICA)	G15476286	2026/A002/000030
Asociación Diez Raziones	G75837336	2026/A002/000033

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)	G15044811	2026/A002/000034
Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo (AELU)	G27105220	2026/A002/000036

TERCEIRO.- Elevar a definitiva a relación de solicitudes estimadas aprobadas no Decreto provisional e presentadas polas seguintes entidades de acordo coa valoración efectuada segundo o establecido nas bases reguladoras e coas puntuacións acadadas por cada unha delas.

Interesado Principal	CIF	Puntuación total (máx. 14 ptos)
Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (ASOPORCEL)	G27243500	11puntos
Asociación de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo	G27030915	8 puntos
Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo (FADAS)	G27436419	14 puntos
Asociación Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL)	G27305218	8,50 puntos
Asociación de Empresarios dos Polígonos Industriais do CEAO e das Gándaras	G27030873	11 puntos
Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia (OVICA)	G15476286	14 puntos

CUARTO.- Desestimar as solicitudes presentadas polas seguintes entidades, de conformidade coa valoración efectuada pola Comisión Avaliadora e polas causas que se indican a continuación:

Interesado	CIF	Motivación desestimacion
Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo (ADISLUGO)	G02967834	Non cumpre có requisito establecido no artigo 2.i) das bases reguladoras xa que no momento de presentación da solicitude non ten presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.
Asociación de Empresarios da Itíneris	G27495068	Non cumpre có requisito establecido no artigo 2.i) das bases reguladoras xa que no momento de presentación da solicitude non ten presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.
Asociación Diez Raziones	G75837336	Non cumpre có obxecto das subvencións segundo o establecido no artigo 2 f) das bases reguladoras ao non tratarse de actividades que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da promoción económica, impulso e fortalecemento do comercio, formación empresarial e para o emprego, impulso e fortalecemento da hostalaría, e creación de emprego.
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)	G15044811	Incumprimento do requisito establecido no artigo 2 das bases reguladoras, ao non constar entre os fins estatutarios da entidade os ámbitos de actuación esixidos para acceder á convocatoria.
Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo (AELU)	G27105220	Incumprimento do requisito de acadar a puntuación mínima no proceso de valoración,

		de conformidade cos criterios establecidos nas bases reguladoras da convocatoria. A puntuación total acadada por esta entidade (6 puntos) resulta do seguinte desglose: - polo nº de persoas asociadas á entidade: 1pto - polo nº de anos de experiencia e implantación en Lugo: 2 ptos - se o proxecto fomenta a digitalización, a innovación e a sostibilidade: 0 ptos - se o proxecto leva asociadas actividades de formación que teñan como beneficiarios a 50 persoas ou máis: 0 ptos - se o proxecto promove os valores culturais e tradicionais locais, propiciando a participación dos cidadáns a través da organización de eventos, feiras, mercadillos, congresos ou similares: 3 ptos - se o proxecto favorece a participación activa de usuarios que teñan incidencia no entorno local, a través da realización de actividades de dinamización: 0 ptos

QUINTO.- Adxudicar as subvencións as entidades cuxas solicitudes resultaron estimadas, polos importes que figuran a continuación, segundo a orde de puntuación acadada e coa aplicación dos criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria.

Interesado	CIF	Importe a conceder(€) (máximo 2.000)
Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta (ASOPORCEL)	G27243500	2.000,00€
Asociación de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo	G27030915	2.000,00€
Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo (FADAS)	G27436419	1.980,00€
Asociación Xóvenes Emprendedores de Lugo (AXEL)	G27305218	1.980,00€
Asociación de Empresarios dos Polígonos Industriais do CEAO e das Gándaras	G27030873	2.000,00€
Asociación de Criadores de Ovica e Caprino de Galicia (OVICA)	G15476286	1.804,64€
TOTAL		**11.764,64€**

SEXTO.- Aprobar e autorizar a disposición do gasto con cargo á **aplicación orzamentaria 24100.48900** co RC 8461/2026 segundo certificado da Tesourería Municipal de 24/02/2026 polo importe de **11.764,64€.**

SÉTIMO.- A resolución definitiva será publicada no Taboleiro de Anuncios, na web municipal e no Portal de Transparencia.

OITAVO.- Notificar individualmente a cada entidade e publicar na BNDS.

NOVENO.- A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ós/ás interesados/as e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dente o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, así como as demáis accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo dun MES, contado desde o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición.

Cúmprase.